

# DESORDE E CONFLICTOS. PREVENCIÓN E REPRESIÓN

(Panorámica das medidas de mantemento da  
orde pública na Compostela da  
segunda metade do século XVIII)

FERNANDO LÓPEZ PRADA

Universidade de Santiago de Compostela

## Introducción

«Es una verdad constante que todas aquellas leyes u ordenanzas que refrenan las pasiones, la codicia, y los deseos desordenados de los hombres, casi siempre son recibidas de algunos con muchísima repugnancia, lamentándose en buenos y táctitos términos de que no lisonjean sus gustos»<sup>1</sup>.

Así reza a «Advertencia Preliminar» das *Ordenanzas de Policía de la Ciudad de Santiago* aprobadas polo Real y Supremo Consejo de 1780. Parece obvio que nunca resultou allea ás autoridades de turno a función represiva dos seus corpos policiais, e tampouco as antipatías que podían suscitar no seo da poboación á que ía destinada. Mais dada a parquedade de espacio de que dispómos no presente estudo, non entraremos nunha exhaustiva valoración moral senón que nos imos limitar a expor, comentar e vencellar entre si unha serie representativa de medidas dirixidas a mante-la orde pública.

Centrarémonos pois nunhas Ordenanzas de Policía do ano 1775 aplicadas na cidade de Santiago de Compostela. Máis concretamente<sup>2</sup> observaremos aquelas referidas a colectivos que levaban a cabo actividades cando menos potencialmente subversivas, como son esmolantes, vagamundos, forasteiros, romeiros, delinquentes, cómicos, xogadores, estudantes, mulleres, xitanos... e todos aqueles individuos que reunidos podían dar lugar a un tumulto. Iremos véndoos en apartados por bloques temáticos, entre os que se inclúe un adicado á prisión, institución punitiva (xunto coa multa e o exército) maiormente usada con aqueles que se pasaban da raia.

<sup>1</sup> A.H.U.S. Fondo municipal, *Ordenanzas de Policía de la Ciudad de Santiago*, 1856, fol. 49.

<sup>2</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 469-477.

Cómpre indicar dende o primeiro momento, e para evitar posibles malentendidos, que cando se fala de «policía» no século XVIII nos estamos a referir a toda unha serie de cometidos moito máis ampla do que é na actualidade. Eran fundamentalmente tres as funcións deste corpo «político»: poñer e vixiar os prezos das mercadorías controlando o correcto funcionamento dos gremios respectivos, dispón-la execución das obras urbanísticas, e velar pola orde pública en xeral. O presente artigo céntrase nesa derradeira función e máis concretamente no referido a certos «grupos de risco».

Abriremos así cada apartado cun texto das citadas Ordenanzas que nos servirá de base para o comentario, e de horizonte de confluencia para outros textos de temática afín. Trátase de acadar, partindo de mostras fragmentarias (xa que en todo momento apelamos ás fontes directas, contidas nas actas de Consistorios do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, A.H.U.S.) relativas ó tempo de reinado do «despótico-ilustrado» monarca Carlos III (11-IX-1759 ata o 22-XII-1788) e ó lugar de Santiago de Compostela, unha visión de conxunto representativa do que eran as medidas de mantemento da orde pública durante a derradeira metade do século XVIII en Galicia. En todo momento facemos fincapé na necesidade de deixar falar ás fontes, fundamentalmente de escoita-la súa propia linguaxe (representativa dun xeito de pensar e de vivir). A tarefa é, polo tanto, fundamentalmente expositiva e coordinadora.

## I. Escándalo público e tumultos populares

«Que ni de día ni de noche se consentirá que anden en cuadrillas ningunas personas, de cuales quiera condición, esfera, o calidad que sean, pena de que a los contrabentores se les ympondrán las que presecriben el derecho, y si suscitase alborotos, se les ymponne la multa de ocho ducados, mancomunandolos para dicha multa, y sufriran en la Carzel lo demas que parezca combeniente.

Que no se consentirá el que ningunas personas formen bullicios sediciosos juntandose el numero de diez, o mas personas, para este fin, pena que se les ympondran las que prescriben las reales ordenanzas.

Que ninguna persona pueda atreverse a formar niveles ynfamatorios, prohibiendose higualmente toda especie de pasquines, como el que uno y otro se le copie ni publique, pena a los contrabentores de que sufrirán lo que está ordenado y mandado repetidas veces por las Reales Pragmaticas de estos Reinos.

Que en lo subcesivo no se consentirá de modo alguno que ninguna persona ande con musicas de noche por las calles despues de las onze de la noche en el verano y de las diez en el ybierno, y aun en estas deberan hir los que tocasen y acompañasen con la mayor compostura y silencio, retirandose a las expresadas oras cada uno a su casa y posada, y a los contrabentores a lo aqui expuesto se les pondrá en la Carzel pública ymonniendoles mancomunadamente la multa de doze ducados, con apercibimiento de mayor providencia en caso de bolver a reincidir de nuebo»<sup>3</sup>.

---

<sup>3</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 469 e 470.

Prevense deste xeito a desorde nas rúas, en principio a nivel simplemente lúdico (sobor de todo coa limitación das «musicas») e máis fundamente a nivel reivindicativo, en tanto se coarta ás persoas para reunirse («quadrillas») e expresarse (tanto no referido a propaganda, con «nivelos ynfamatorios» e «pasquines», como no referido a eventuais manifestacións, dando pé a «bullicios sediciosos»).

Era este un tema que urxía ás autoridades. De feito a finais do ano anterior (24-XII-1774) expúñase en Consistorio (o que hoxe sería o pleno do Concello) a necesidade de pedir ó Real Acuerdo un exemplar da *Real Pragmática sobre Tumultuantes* «siendo tan precisa su notoriedad en los pueblos para la verdadera tranquilidad y quietud de ellos»<sup>4</sup>. En todo caso cumpría o coñecemento destes mandatos por parte da poboación<sup>5</sup>.

Mália o tempo transcorrido, non debía serlles alleo ós señores do Consistorio unha soada reacción popular acaecida o primeiro día do ano 1761, en que se levara a cabo pola mañá a elección do Procurador General<sup>6</sup>. Saíra escolleito, por 29 votos contra 5, o Marqués de Astaríz, pero a xente na rúa pedía a voces que se lle concedera o cargo a D. José Isla. A Casa Consistorial acabou sendo apedreada e incendiada, tendo que saí-los alí presentes polo tellado, escorre-gándose na contigua casa de Ignacio Vázquez Quintela, onde se disfrazaron para poder pasar desapercibidos entre o tumulto. Dí moito da diferenza de intereses entre os políticos locais e a masa popular que o Procurador que esta reclamaba mobilizándose tivese unha escasa minoría de votos no seo da corporación. Polo que se ve, aqueles que decidían os destinos da xente non contaban co seu beneplácito. Finalmente o día 2<sup>7</sup> o Marqués toma posesión do cargo, e evidentemente aí non ficou todo. No Consistorio deciden dar conta ó Real Acuerdo e ó Comandante General de que están instruindo autos polos sucesos do día anterior, para así pedirlle a este que destine tres ou catro compañías para a aprehensión de reos e evitar novos tumultos<sup>8</sup>. Debían estar cheirando o que acontecería, xa que o día 3 aparecen fixados uns pasquins convocando ós veciños a que acudisen á Praza do Obradoiro con armas para poñer en liberdade ós apreixados<sup>9</sup>. A resposta das autoridades será aumenta-lo número de rondas.

<sup>4</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Decembro de 1774, fol. 578.

<sup>5</sup> «Teniendo presente que las ordenanzas de Policia hechas para esta ciudad y aprobadas por el real consejo no están aún publicadas para inteligencia del público, acordaron se forme y publique bando expresivo de todos los capítulos que conducen para que llegue a noticia de todos los vecinos del pueblo, y no aleguen ygnoranzia» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1782, fol. 268).

<sup>6</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Outubro-Decembro de 1760, fol. 230.

<sup>7</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Outubro-Decembro de 1760, fol. 232.

<sup>8</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Outubro-Decembro de 1760, fol. 236.

<sup>9</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Outubro-Decembro de 1760, fol. 238.

Seguramente fose o propio rexeitamento do xentío (aínda que manifestado cun carácter presumiblemente menos virulento) o que levase ó Consistorio finalmente a decidir, xa en 1780, que no sucesivo o acto de posesión dos Alcaldes, que se levaba a cabo o primeiro día de cada ano, tivese lugar «sin ostentación alguna»<sup>10</sup>.

Outro caso de propaganda subversiva que cando menos surtiu efecto a curto prazo, atopámolo tamén, cun tinte xa non tanto político coma económico, no ano 1779. Aconteceu que o Administrador General de Rentas Provinciales quitou as «romanas» (pesas onde se indicaban os novos rexistros para o viño) das portas do Mercado e do Camiño, en vistas duns pasquíns onde se convocaba ó pobo a incendia-la súa casa<sup>11</sup>. Tales pasquíns foron cravados na propia porta da Casa Consistorial, o cal pode parecer sorprendente en principio (polo risco que supuña e por posibilitar que as autoridades tomasen as medidas oportunas), pero dende logo resulta moito máis eficaz disuadir coa simple ameaza que ter que chegar a executala. Con todo, entre o primeiro e o segundo caso contemplados hai unha diferenza, na medida non só en que o segundo foi moito máis efectivo, senón tamén en que foi máis «ilegal», pois xa en 1766 saía unha orde do Real Consejo que prohibía a difusión de papeis anónimos<sup>12</sup>. O contexto máis amplo en que podemos incluír tal medida é un *Auto Acordado de los Señores del Consejo, consultado con su Magestad* do 5-V-1766<sup>13</sup> en que se anulan as baixas nos prezos dos abastos, que os concellos teñen feito presionados por protestas populares. Anulábanse tamén os indultos ós involucrados nesas reivindicacións «por ser materias privativas de la Suprema Regalía, inherente en

<sup>10</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xuño-Decembro de 1780, fol. 288.

<sup>11</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1779, fol. 119. A opinión do coengo Pedro Antonio Sánchez perante as reivindicacións populares é drástica: «Ve aquí lo que los diputados de abastos deberían contestar a esa chusma de la plebe, que tiene siempre en la boca la carestía de los víveres, la tasa, la subida de los precios. A la verdad, el querer complacerla en las cosas injustas, non es querer apaciguarla, es querer hacerla más atrevida, más insolente; y que envanecida de las condescendencias que se han tenido con ella, ensaye sus fuerzas para mayores pretensiones» (P. A. Sánchez Vaamonde, «Memoria sobre los Abastos y Policía de Santiago», en *La Economía Gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, Vigo, Galaxia, 1973, p. 189). Pero cómpre encetar este duro rexeitamento das protestas do vulgo na súa pertinaz defensa dun liberalismo económico propio da emerxente burguesía: «Lo que he dicho del pan, lo digo del vino, del aceite, de la carne de cerdo y de otros comestibles. Sin asientos, sin administración pública y sin tasas, logramos estos artículos en abundancia y a moderados precios. Es un mal, lo confieso, para los subalternos de la justicia. Pero es un bien para la industria, que siempre ingeniosa, cuando no se la toca, cuida de que no nos falte de nada, y lo consigue, como no le pongamos embarazos» (*op. cit.*, p. 162).

<sup>12</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Decembro de 1766, fol. 79.

<sup>13</sup> Cómpre tamén ter en conta que a adopción desta medida pode vir condicionada fondamente, sobor de todo na capital do Estado, polos belicosos acontecementos ós que se deu en chamar xenericamente «Motín de Esquilache» (23-26 de Marzal).

la Real y Sagrada Persona de S. M.». Había que salvagarda-lo poder absoluto e centralizado do monarca, indiscutible «cabeza» unificadora do Estado, restan-do autonomía ós concellos, ó tempo en que se castigaba de xeito exemplar ós tumultuantes: no punto 3 do *Auto* lese «y es declaración que cualquier persona que haya incurrido o incurriese en ser fomentador, auxiliador, o participante voluntario en estas asonadas, bullicios, motines, griterías sediciosas ó tumultos populares, por el mero hecho quedará notado durante toda su vida, además de sufrir en su persona y bienes irremisiblemente las penas impuestas por las Leyes de estos Reynos contra los que causan, ó auxilian motín, ó rebelión, por enemigo de la Patria, y su memoria por infame y detestable para todos los efectos civiles, como destructor del pacto de sociedad, que une á todos los Pueblos y Vasallos con la Cabeza Suprema del Estado, y el reato le seguirá sin prescripción alguna de tiempo»<sup>14</sup>.

Velar pola orde pública coa prevención ou represión de tumultos implicaba non só deterse nos pasquíns sediciosos e os bullicios reivindicativos. Tamén era mester frear costumes arraigadas que para o poder central semellaban desorbitadas. Un exemplo é o das danzas e mortificación dos penitentes nas procesións de Semana Santa. Coa mente posta en sucesos comunicados polo Obispado de Plasencia, Carlos III refírese a tódolos seus «Catholicos Dominios» cando nunha Real Orden prohíbe este tipo de prácticas, que serven «en lugar de edificación de compunción, de desprecio para los prudentes, de diversión y gritería para los muchachos y de asombro, confusión y miedo para los niños y mugeres; a lo qual y otros fines aún mas perjudiciales suelen dirigirse los que las hacen, y no al buen eemplo y a la expiación de sus pecados». Ademais «exclama contra las procesiones de noche por ser una semana de pecados en que la gente joben y toda la demás viciada sale de la concurrencia y de las tinieblas, para mucho desorden y fines reprobados, que no pueden impedir las justicias aún siendo zelosas»<sup>15</sup>. A relixiosidade popular, a relixiosidade vivida, era fonte de pecado

<sup>14</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1766, fol. 272. Dende Madrid o poder centralizado extendía os seus tentáculos. A tarefa queda rematada cando aquelas autoridades que teñen o seu eido de acción en zonas periféricas son adictas ó réxime: «... que en las incidencias de tumulto, motín, ó toda conmoción, ó desorden popular, o desacato de los Magistrados públicos, nadie goce fuero, sea de la clase que fuere, y todos estén sujetos a las Justicias Ordinarias, ó a los Delegados del Consejo, si entendieren por particular comisión; lo qual de mi Real Orden se ha participado por punto general á los Consejos de Guerra, Inquisición, y Hacienda, al Tribunal de Cruzada, al de Correos, y Superintendencia de Rentas, para excusar competencias» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Dicembro de 1776, fol. 176). Máis próximo cronoloxicamente ó noso texto base que encabeza o apartado, está a Real Orden para que os militares non gocen de fuero nos casos que contraveñan ós bandos e edictos de policía (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Dicembro de 1777, fol. 432).

<sup>15</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1777, fol. 224.

para unha estricte moral católica emanada das entidades de poder tanto espiritual coma temporal. Outro exemplo é xa propio da relixiosidade galega, menos mortificada e, se cadra, máis sensual. Trátase dun informe que o Procurador Personero leva ó Consistorio abraiado das «desordes» que se observan en rosarios nocturnos, petitorios en novenas, e outros actos litúrxico-folclóricos. Delégase alí como función propia agora deste funcionario e un axudante formalizar expedientes «con todas las noticias, medios y arbitrios adecuados a evitar el perjuicio público, restablecer la verdadera debocion a los santos, la circunspección en semejantes actos y purificarlos de todo lo que pueda traer escándalo o yrrision o sea fomento de la embriaguez o ociosidad»<sup>16</sup>.

Pero tampouco pensemos que o clero era alleo a este control. Dende logo, os bos costumes da católica España viñan mantidos por unhas leis xurídicas e unhas normas éticas que podemos presumir compartidas polas autoridades tanto civís coma eclesiásticas, pero se ben de noite tódolos gatos son pardos, eiqú viña a centralista monarquía ilustrada a «alumea-la» situación, e poñer orde onde se deran asexos de sedición. Así como se conquería unha servil autonomía das xustizas ordinarias, cumpría velar (como reza a Real Cédula eiqú presente) pola moralidade das prácticas do clero, sobre todo na medida en que exercían unha enorme influencia no auditorio: «El buen egemplo del Clero Secular, y Regular, trasciende a todo el Cuerpo de los demás Vassallos de una Nación tan religiosa, como la Española. El amor, y el respeto á los Soberanos, á la Familia Real, y al Gobierno es una obligacion, que dictan las Leyes fundamentales del Estado, y enseñan las Letras Divinas á los Subditos, como punto grave de conciencia. De aqui proviene, que los eclesiasticos no solamente en sus sermones, egercicios espirituales, y actos devotos, deben infundir á el Pueblo estos principios, sino también, y con mas razon, abstenerse ellos mismos en todas ocasiones y en las conversaciones familiares de las declamaciones, y murmuraciones depresivas de las Personas del Gobierno, que contribuyen a infundir odiosidad contra ellas, y tal vez dan ocasion á mayores excessos, cuyo crimen estima, como alevosía, ó traición la Ley II. tit. 26. lib. 8. de la Recopilación»<sup>17</sup>.

## II. A prisión

Atendendo ás fontes conqueridas, a primeira impresión que podemos levar é a de que a prisión compostelana non era demasiado segura. Con todo cómpre suspende-lo xuízo, na medida en que é bastante normal que o tema da prisión sexa noticia e se trate no Consistorio fundamentalmente cando hai fugas de

<sup>16</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Maio-Outubro de 1783, fol. 125.

<sup>17</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Decembro de 1766, fol. 133.

reos, e non para discutir outros asuntos que poderían ser indicio do seu eficaz funcionamento. Así temas que tamén aparecen son o da mellora das instalacións ou o traslado da sé, en calquera caso normais dado o amplo abano temporal en que nos movemos (preto de 30 anos). Pero de especial interés será unha carta na que se piden contas ó Gobernador do Consistorio da situación, en principio mediocre, desta institución punitiva.

De xeito correlativo ás fugas de reos, das que temos noticias nos anos 1763<sup>18</sup>, 1775<sup>19</sup>, e 1783<sup>20</sup> son destituídos os alcaides reponsables. Non parecen estraños os casos en que este cometido era levado a cabo con negligencia, e incluso podemos atopar-la orde de busca e captura dun carcereiro non só por abandono das súas funcións, senón por ser un dos inculcados no proceso levado a cabo por mor do asasinato do Porteiro da cidade<sup>21</sup>. En todo caso, a de alcaide carcereiro semella unha adicación de grande responsabilidade e risco inminente<sup>22</sup>. Isto parece patente ó redactor dunha carta dirixida ó «Almo. Señor Gobernador de Consistorio», na que (xa entroncando máis claramente co tema que nos interesa), se urxe pola maior dotación de medidas de seguridade non só na cadea, senón en toda a cidade. Escoitémo-las esixencias desta persoa tan preocupada polo mantimento dunha ordenada normalidade:

«La Carzel Publica desta ciudad, aunque mui asegurada por su edificio material, y mui vigorosa en sus prisiones, no pudo eximirse de la escalación y fuga de muchos reos detenidos en ella, porque una multitud haze irrisoria la vigilancia del carzelero y su fuerza considerable no puede resistirse por un hombre solo: así se ha verificado en el mes antecedente, en el qual se han escapado 16 personas complicadas en varios delitos, taladrando los yerros más fuertes de la cadena que los asegurava, y las rejas y bentanas que los custodian<sup>23</sup>: la ciudad había tomado frecuentes providencias para

<sup>18</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1763, fol. 199.

<sup>19</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fol. 407.

<sup>20</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Maio-Outubro de 1783, fol. 278.

<sup>21</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Decembro de 1766, fol. 98.

<sup>22</sup> Iso podía se-lo motivo que levou a D. Patricio Losada y Quiroga a rexeita-la oferta que se lle facía a ocupa-la praza vacante tra-la expulsión do anterior encargado, que fora impotente perante unha fuga masiva (da que se fala na carta de arriba). Así nun escrito manifesta: «... las muchas razones y motivos que le imposibilitan de administrar este encargo, lo uno porque la edad del suplicante, no le permite semejantes fatigas, lo otro por no asistirle el valor y robustez que para ello se requiere, lo otro por no serle correspondiente andar con el martillo y otros instrumentos en la mano para poner y quitar prisiones, lo otro por no poderse desvelar de noche y abrir las puertas cuando refresca por padecer una rotura, que cojiendo aire le maltrata, lo otro porque no es razón deje ab intestato su casa, expuesta a un casual saqueo, y lo otro porque el referido encargo es yncompatible, con el empleo de veedor, cuia asistencia es mui necesaria en el Pueblo» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fol. 409). Dende logo perante responsabilidade tal, cabe preguntarse como é que se pensou en tan feble individuo como candidato.

<sup>23</sup> A este respecto resulta oportuno mencionar un regulamento de réxime interno da prisión, do ano 1788, no que se fai fincapé na prevención de entrada de certos utensilios perigosos:

esta misma seguridad, pero todas han salido ynútiles en el efecto, por la falta de tropas que debe guarnecer las entradas y salidas de la Carzel (...).

La Ciudad se halla en las actuales circunstancias con la amargura que puede considerarse al ver que la Justicia es destituida des auxilio militar para sus providencias, la Carzel sin seguridad, los reos cada día mas ynsoletos y determinados a qualquier expedición por falta del temor y del respeto que les yntíman las armas, los carceleros con peligro eminente de la vida por falta del conduzente resguardo, y el Pueblo receloso si puede que una de estas numerosas salidas de los reos ponga en la mayor consternación su tranquilidad, las vidas de sus yndividuos y sus hazien-das, sin que pueda sufragar para precaver este daño, la violenta vejación, que por nezesidad se ympona a los vezinos para que turnariamente por parroquias y varrios nombren guardías que custodien los reos, en perjuicio de los artesanos y menestrales que por sus trabajos diarios no pueden sostener esta fatiga tan propia de la tropa y tan ynherente a su misma constitución»<sup>24</sup>.

Non logramos saber quen é o autor da carta, pero dende logo, polo seu estilo, por poder contratar a un escribán, por dirixirse a quen se dirixe con suxestións bastante esixentes, e polos intereses que defende, non é dende logo un «plebeio», non é un integrante da grande masa social ausente (polo menos de xeito explí-cito) dos documentos que serven de fontes para a redacción da «historia». E é este tipo de voces as que se escoitaban para dispó-las medidas destinadas ó mantemento da orde pública, unha orde pública imposta ós calados, silenciados, amordazados.

### III. ¿Pobres, folgazáns ou criminais?

«Que en lo subcesivo ningun posadero, mesonero, ni otro vezino alguno de esta ciudad admita en su casa ningun guesped o forastero sin dar parte a la Justicia y Reximientto con expresión de su nombre y apellido, de donde hes y a que viene pena de dos ducados por la primera bez, por la segunda doble, y por la tercera ocho, y un mes de carzel.

---

«...como la experiencia ha acreditado que en los cestos, bolsas y saquetas que cuelgan de las rejas para pedir, se han introducido cuchillos, limas, y otros ynstrumentos con que se han falseado las prisiones, se debe cortar este abuso, no permitiendo semejantes petitorios que no puede zelar el carzelero substituyendo en su lugar uno, o dos zepos y dos cestos en que se recoja la limosna que la caridad franquee ya en dinero, ya en pan, repartiéndola proporcionalmente. No obstante no se les impedirá para mober los corazones, pero sin los expresados cestos, bolsas ni saquetas». Especialmente problemático era o cacheo ás visitas femininas (que cabe supor, eran as máis frecuentes, por canto os reos desta institución eran varóns) para atopar armas, «... por no permitir la modestia se registren los senos ocultos donde las guardan las mugeres» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1788, fol. 280).

<sup>24</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Setembro-Dicembro de 1775, fol. 391. Para un plantexamento menos «rigorista», e próximo ó pensamento ilustrado e liberal, xa a remates do século XVIII e comenzos do XIX ver os escritos de D. Pedro Antonio Sánchez ou de D. Valentín de Foronda (en relación ó cárcere de Santiago).

Que deviendo trascender lo contenido en el capitulo anterior, a todos los arrabales de la ciudad, y respecto de que estos están distantes, dispersos y de avitaciones yncognitas, por cuio motivo suelen refugiarse en ellos dibersos mal echores ladrones y foragidos, por tanto a qualesquier vezino que se le justifique haver tenido alguno o algunos destes malbados en su casa sin dar parte a la Justicia, ademas de castigarle á correspondencia de su delito se le desterrará para siempre de la ciudad y sus ynmediaciones.

Que todas las personas que se mantubiesen oziosos en esta ciudad, se dediquen ynmediatamente á aprender algún oficio u otra ocupazion onesta, en la que pueda ganar lo sufiziente para su manutencion, o ynmediatamente salgan de ella dentro del termino de dos días con aperzibimiento que los que se hallasen de esta clase despues se les aplicará al real servicio, y a los que no fuesen aptos para ello se les ympondran las penas establecidas en las Reales Ynstrucciones, sobre cuio particular no se usará la menor yndulgencia por lo conbenientisimo que hes la observancia de este mandato al servicio de ambas Magestades.

Por quanto con pretexto de debocion al Santo Apostol, y la peregrinación a un Santo Templo sirbe a muchos forasteros a que mal dispuestos vienen mas a ser tunantes y vagantes que mobidos de la verdadera deboción lo que se demuestra en que suelen avezindarse en esta ciudad para usufructuar las copiosas limosnas que se reparten los fieles en perjuicio de los verdaderos pobres manteniendose continuamente en traje de peregrinos, y con poco o ningun arreglo de costumbres, por tanto se manda por punto general que los tales peregrinos luego que entren en la ciudad presenten ynmediatamente a las Justicias sus pasaportes y en el termino de tres días el certificado de haver cumplido con las diligencias expirituales y saliendo luego de esta ciudad y sus arrabales a sus respectibos paises pena a los contrabentores de que a los hombres se les arrestara a la carzel y a las mugeres al hospicio»<sup>25</sup>.

Eiquí vemos como se artellan sumariamente as medidas de cara a certos grupos sobor dos que sempre recaía a sospeita. O primeiro problema das auto-ridades era distinguir uns dos outros para actuar en consecuencia. Así tratábase de controlar ós forasteiros en xeral, de pena-lo asilo ós delinquentes, de expulsar ós ociosos en caso de que non atopasen unha ocupación, e de vixiar e limita-la estadía dos romeiros. Os solapamentos entre estes grupos son evidentes; así por exemplo un forasteiro en romaxe podía rematar adicándose ó vagamundeo ou á delincuencia a falla dalgo mellor.

Dende o principio do período recaía sobor dos forasteiros un coidado control. Ademáis de ter que dar parte dos seus datos no sitio en que se aloxaban, datos que chegaban ás autoridades, prohibeselles a venda de xénero polas rúas xa en 1760<sup>26</sup>. En caso de adicarse ó comercio precisaban exercer nunha tenda pública e figurar no gremio de mercaderes. Medidas xurídicas e económicas que empregaban o monopolio da corporación como elemento e correa de transmisión dun máis amplo control sobor da propia vida: a elección era integrarse ou largarse, sendo en todo momento coñecido. De non cumprir nen sequera este requisito, a alternativa era só retirarse inmediatamente: así nunha sesión do

<sup>25</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 271 e 272.

<sup>26</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Outubro-Dicembro de 1760, fol. 70.

Consistorio de 1768 púlase polo celo na captura daqueles individuos descoñecidos de diversas nacións que a título de pasaxeiros ou romeiros viñan sen pasaporte. Era cometido das xustizas da provincia proceder «examinandoles prolixamente quando en su traza, y rumbo puedan causar sospecha»<sup>27</sup>. O ano seguinte xa vemos unha anticipación das medidas expostas nas Ordenanzas: dispónse a publicación dun bando para que os «quadrilleros» averigüen que forasteiros hai nas fondas das súas respectivas parroquias, e para que os romeiros saían da cidade ós tres días de residencia nela<sup>28</sup>.

O máis serio conflito moral, de evidente trasfondo socioeconómico, era o que se presentaba cando había que discernir entre aquelas persoas desocupadas e esmolantes, as que eran merecentes de caridade por ser «pobres», daquelas susceptibles de castigo por tratarse de «vagos, ociosos, sobrantes, y mal entretenidos (...) y aun de otras peores cualidades»<sup>29</sup>, sendo ambas (caridade e castigo) modalidades da xustiza. Nun contexto de alza relativa do modelo económico burgués semellaba inxusto dilapidar bens con persoas non productivas. Cumpría facer unha atención selectiva, axudando ós indixentes e penando ós menesterosos<sup>30</sup>.

O caso dos «verdaderos necesitados» adopta un aspecto alarmante os derradeiros anos da década dos 60 a raíz dunha medida liberalizadora levada a cabo no ano 1765: a abolición, por Real Orden, da tasa de grans, o cal permitía o seu libre comercio. O ilustrado monarca levou a cabo unha política que resultou novedosa a tódolos niveis: na educación, coa expulsión dos xesuítas (que supuña un meirande control por parte do Estado en detrimento da Igrexa); en comercio e industria, coa restricción das prerrogativas dos gremios e favorecendo a libre circulación de capital e mercadorías; en agricultura, co fomento da pequena propiedade e aumento do número de arrendatarios. O detonante da crise é a escasa colleita do ano 1768, que afectou a toda Galicia dando pé a

<sup>27</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1768, fol. 207.

<sup>28</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Outubro de 1769, fol. 18.

<sup>29</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1779, fol. 279.

<sup>30</sup> E moi explícita a este respecto unha das instrucións ós capitulares do Hospicio: «Lo dezimo que ebacuadas las averiguaciones prevenidas en el primer articulo, reconozcan la calidad de los pobres pues entre los que se llaman tales, habrá muchos que lejos de ser acreedores a la caridad publica merecerán se les ympongan las penas prevenidas por las leis para los araganes y ociosos; y a los que lo fueren verdaderamente se les formará su libreta, anotando en ella su domicilio, su hedad, estado, y salud, y se dejaran por aora en su aldea o parroquia hasta que ayan tomado las competentes y seguras providencias para mentenerlo y emplearlo» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1777, fol. 161). Na mesma liña se move, anos máis tarde, unha carta da Real Sociedade Económica sobor do establecemento dunha «Junta de Caridad» «(...) con el instituto de socorrer a los verdaderos necesitados y quitarles todo motivo de mendigar publicamente» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1785, fol. 60).

unha caótica e magoante situación en Compostela: labradores e veciños deambulando polas rúas «exceden en mucho el número de tres mil»<sup>31</sup>. Cumpría urxentemente dispo-las medidas oportunas: dende recolección dos donativos de comunidades, corporacións e o propio arcebispado, ata a construción de «tinglados capaces y correspondientes para el recogimiento»<sup>32</sup> nas aforas, pasando pola importación de grans dende Francia, sen desestima-la expulsión dos pobres da cidade cara ás aldeas correspondentes (co cal o problema quedaba meramente desplazado para evita-la desorde e, sen dúbida algunha, agravado para os esmolantes, agora totalmente desamparados<sup>33</sup>). Especialmente descritivo no seu dramatismo resulta o comunicado que efectúa o Marqués de Piedrabuena, Intendente del Real Acuerdo, en que fai consta-lo informe do primeiro médico do Real Hospital, e do que transcribo eiquí un fragmento:

«(...) se hallan las calles y plazas llenas de pobres desnudos, macilentos, estenuados, de un semblante palido, y cadaverico, que despiden de si un edor insoportable, gimiendo entre aies destemplados y lastimosos de día y noche, duermen á la inclemencia, y muchos de ellos parecen miserablemente privados de todo auxilio espiritual, y temporal, mientras otros se van caiendo muertos al Hospital, y en sus umbrales alcanzan por mucha fortuna una absolución condicional, y la extrema-unción acabando alla mismo sin dar un paso mas adelante se entregan su espíritu al Criador de que ofrece la desgracia reiterados ejemplos todos los días con asombro universal de las gentes»<sup>34</sup>.

O destino máis habitual que o Estado dispuña para aqueles catalogados como «vagos» (é dicir, que andaban por aí sen ocupación e por motivos que polo que se ve non eran dignos de atención e «caridade») era o exército. Eran incorporados a filas nunhas levas máis ou menos periódicas (anuais), que recrudecían en tempo de guerra (declaróuselle a Inglaterra en 1761 e 1779, e a Portugal en 1762). Coas levas non só se conquería carne de canón dun xeito socialmente moi barato, senón que ademais se liberaba ás poboacións de elementos particularmente molestos; neste senso se manifesta o Consistorio a prol dunha se-

<sup>31</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Outubro de 1769, fol. 199. Esta é a panorámica no mes de Xuño, pero xa en Febreiro o Arcebispo recollera a preto de 1300 indixentes nun cuartel onde os mantiña cos seus fondos (fol. 165).

<sup>32</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Outubro de 1769, fol. 234.

<sup>33</sup> Aínda en 1784 perduran as secuelas do 68, ano de escasas colleitas «*que recela se repitan en el presente*», adoptando tamén a medida do exilio: decídese facer un padrón dos vagamundos esmolantes, estudiando os seus motivos e procedencia, para así, a aqueles doutros obispados, subvencionarlles a viaxe de volta «hasta la raya de ellos provelléndolos del preciso auxilio para su marcha» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1784, fol. 214). Unha política que non nos é allea nos tempos que corren nalgunhas capitais do Estado Español, nas que se opta por facer oídos xordos, lava-las mans, ignorar voluntariamente, «pasa-la bola» en definitiva.

<sup>34</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Outubro de 1769, fol. 194.

gunda leva en 1776, na medida en que a primeira «ha visto mui reparable a la ciudad»<sup>35</sup>. Matábanse así dous paxaros dun tiro, facendo fronte a un tempo ó inimigo externo e interno, sen que ningún dos dous se tivese que estrañar no contexto do estado de cousas existente. O procedemento para a leva de vagos viña artellado dun xeito o suficientemente micro como para non caer no erro de facer pagar a «xustos» por «pecadores»: o municipio é subdividido en parroquias, sendo unha sorte de pedáneo o encargado de investigar cun cuestionario cada unha, de xeito que «no sólo procurará ynformarse particularmente del cura párroco respectivo, sino que hara concurrir a su presencia a los cuadrilleros de dichas parroquias, y nombrará dos vecinos de cada parroquia, de los que le parecieren de mas ynteligencia y conciencia para que juntos con el respectivo cuadrillero, den puntual razon de los bagos, mal entretenidos, viciosos, y mas gentes comprendidas en los capitulos de dicho interrogatorio, del que se dará copia a cada uno de dichos señores»<sup>36</sup>. Con todo, o reclutamento tampouco debía ser indiscriminado (a non ser en caso de imperiosa necesidade), senón que velaba polo cumprimento duns mínimos criterios acerca das características ideolóxicas, físicas, morais e xurídicas dos eventuais quintos<sup>37</sup>.

Un paso máis aló na condea dos «vagos» atopámolo nunha Real Instrucción de 1784 onde estes son equiparados con «malhechores» e «contrabandistas», grupos todos eles cos que se establece unha loita aberta na que formarán parte activa todas aquelas persoas que puideran darlles abeiro, obrigadas, ó través dunha exhaustiva e ameazante propaganda, a poñerse do lado das autoridades. A finalidade abertamente exposta destas medidas contra todo tipo de delincuentes nun ou noutro grao, é, por unha banda, velar polo mantemento da vida pacífica e ordenada do resto da poboación («a fin de que con el escarmiento de esta gente se vean libres sus amados Vasallos de toda violencia, y de ser molestados en los caminos y en sus casas, y haciendas»<sup>38</sup>), e pola outra, o castigo exemplar e disuasorio («para que el escarmiento de unos sirva de freno á los demas»<sup>39</sup>). Con este trasfondo aparece en toda a súa magnitude o Artigo XIV: «Para que los Malhechores, Contrabandistas y Vagos no encuentren asilo en parte alguna, manda el Rey que las Justicias de todos los Pueblos del Reyno

<sup>35</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1776, fol. 216.

<sup>36</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1774, fols. 69 e 70.

<sup>37</sup> Como reza o Artigo VIII dunha Real Instrucción de 1786, «Todo el que se admitiese para el Real Servicio ha de jurar ser Católico Apostólico Romano; ha de tener robustez, disposición y agilidad para toda fatiga; no ha de tener imperfeccion notable en su persona; ha de ser reconocido por un cirujano, que informe y certifique de su salud; no ha de tener el exercicio que prohibe la Ordenanza; ni ha de haber sido castigado con pena afrentosa» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1786, fol. 167).

<sup>38</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1784, fol. 112.

<sup>39</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1784, fol. 115.

publiquen un Vando, y fixen Carteles en los parages mas frecuentados notificando a los Vecinos, Dueños y Arrendadores de Haciendas, Cortijos, Huertas, Caseríos, Posadas, Mesones y Ventas que estubieren dentro de su jurisdicción, que no permitan que se recoja en ellas persona alguna sospechosa, ó que se ignore quien es, y que si por algún accidente irremediable se verificare, den inmediatamente aviso á la respectiva Justicia para que proceda a la aberiguación de su calidad, y al correspondiente arresto, si fuere Malhechor, Contrabandista, ó Vago»<sup>40</sup>.

Imos mencionar sumariamente (malia non apareceren nas Ordenanzas) un subgrupo destes «vagos» e «mal entretidos» que é o constituído pola etnia xitana, caracterizada polo nomadismo e uns costumes particulares e diferenciados. Coa *Real Pragmática Sanción* do 22- IX-1783 preténdese anulalos como tales: ben sexa xeograficamente, expulsándoos nun prazo, ou ben sexa culturalmente, asimilándoos por completo (non só sedentarización, coma cos forasteiros, ou emprego, coma cos ociosos, senón o propio abandono da súa idiosincrasia). O máis expresivo a este efecto é o Artículo VII: «Concedo el termino de noventa días contados desde la publicación de esta Ley, en cada caveza de Partido para que todos los vagamundos de esta y qualquiera clase que sean, se retiren a los Pueblos de los Domicilios que eligieren, exzepto por aora la Corte y Sitios Reales, y abandonando el trage, la lengua y modales de los llamados Gitanos [‘o castellanos nuevos’<sup>41</sup>], se apliquen a ofizio, exercicio, y ocupacion honesta sin distincion de labranza o artes»<sup>42</sup>.

#### IV. Os estudantes

«Por cuanto concurren a esta ciudad un gran número de estudiantes, con motivo de estudiar en la Real Unibersidad y que es forzoso providenciar a contener sus ardores juveniles, por tanto se manda que ningun estudiante desde la abertura del curso, asta Carnes Tolendas salga de su posada, despues de las ocho de la noche y pasado ese tiempo hasta el final de dicho curso hasta las nueve, y al que se le encontrare despues de dichas oras, se le pondra en la carzel no justificando causa

<sup>40</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1784, fol. 118. Ademáis dun sistema de premios e honores (aparte das ameazas legais por encubrimiento), desenvolvido noutros «artículos», e destinado tanto a profesionais como a colaboradores, a forma xenuinamente militar deste servicio de aprisionamento de vagos, delincuentes e contrabandistas, vese no modelo do botín: como reza o Artículo XVIII, «A qualquiera Partida de Tropa que aprenda por si sola contrabando de Tabaco, se la aplicarán por los Intendentes, y Subdelegados de Rentas las dos terceras partes del comiso; pero si para la aprehension del fraude precedió denunciador que con sus noticias la facilitó, deberá dársele una de dichas dos partes, quedando en este caso la otra á beneficio de la Tropa» (fol. 121).

<sup>41</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Maio-Outubro de 1783, fol. 386.

<sup>42</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1784, fol. 248.

mui urgente y prezisa para la salida, sobre cuyo particular los suxetos que los tengan de posada en sus casas seria de su prezisa obligazion dar parte a la Justicia de los estudiantes ynfractores deste mandato vajo multa de diez ducados; que en consecuencia del capitulo anterior los estudiantes que por informe de sus posaderos se verificare que se hallan vagantes y sin aplicar, y por el de otro suxetos de que no concurren continuamente a sus respectivas cathedras ni aprovechan el tiempo a los tales los haria comparezeren la Justicia yntimandoles que en el termino de seis dias, se retiren a sus casas, pues no es justo que sus padres o parientes hagan con ellos gastos ynutiles, y que con su mal egeemplo perviertan a otros y a los que no obedizieren el expresado mandato con puntualidad se les pondra en la carzel o se les aplicara el real servicio segun lo exsijieren las circunstancias.

Que todas las personas que tuvieren estudiantes de posada en sus casas seran prezisamente obligadas de dar parte a la Justicia con expresion de sus nombres y apellidos, de donde son naturales, y de si son o no de buena vida, y si durante el curso alguno mudase de posada, el nuevo posadero tendrá la propia obligazion todo ello vajo la pena de seis ducados de multa que se les exsijiran yrremisiblemente a dichos posaderos que no lo executasen asi»<sup>43</sup>.

O control dos estudantes facíase necesario para mante-la orde pública, dada a amplitude deste colectivo (preto de mil integrantes a finais de século) e especialmente por mor dos seus «ardores juveniles». A medida fundamental adoptada para con eles era o peche nas pousadas a partires de certa hora (as oito no inverno e as nove no verán). As outras medidas xa eran as propias de todo grupo escandaloso ou individuo delincuente, como vimos nos anteriores capítulos. A represión dirixida ós infractores, amparada no tan empregado argumento do seu cometido propio en tanto estudantes que vivían a costa dos seus responsables, e da necesidade de evita-las malas influencias duns para cos outros, era levada a cabo dende a expulsión ata o internamento na cadea, pasando pola súa incorporación a filas. Por outra banda exercíase unha coerción preventiva indirecta da man dos propios pousadeiros, informantes coas autoridades e en derradeira instancia responsables deles durante a estadía lectiva, os cales estaban obrigados, baixo pena de multa, a colaborar.

Atopamos algún caso salientable no referido ó reclutamento dos estudantes vagos ou díscolos. Namentres que a principios do ano 1762 se contempla unha instancia da Universidade en que se pide, conforme ós privilexios que ten dito centro, que exima da actual quinta tanto a profesores como a estudantes<sup>44</sup>, a raíz da declaración de guerra a Portugal o 27-VI, o discurso oficial cambia de ton: unha carta do Intendente vista en Consistorio apela á racionalidade do colectivo universitario, comunicando unha Real Orden en que se dispón que, sen perxuízo dos privilexios que gozan estudantes e profesores, «entiendan que quando se trata de la defensa del estado deben entrar en sorteo de Quinta»<sup>45</sup>.

---

<sup>43</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 470 e 471.

<sup>44</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Abril de 1762, fol. 300.

<sup>45</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Maio-Outubro de 1762, fol. 13.

As veces semella que a necesidade de realizar levas de estudantes «vagos» viñera non tanto motivada polas necesidades do exército como polo mantemento dunha reputación na eficaz execución desta medida; nestes termos se manifesta o Comandante General acerca da leva de vagos levada a cabo en 1779, xa que «a nadie se hará crehible, que haviendo pequeñas jurisdicciones contribuido con mucho mayor numero, esta populosa ciudad solo contenga diez reprehensibles»<sup>46</sup>. Así que se tomou a resolución de inquirir ós profesores para que desen un informe daqueles matriculados ausentes das aulas, coa fin de integralos no exército<sup>47</sup>.

## V. As mulleres

«Que ninguna muger soltera pueda vivir por si sola en ninguna casa, o aposento, sino en compañía de sus padres, hermanos, tios, o parientes mui ynmediatos, y las que hubiere en estos terminos en el de dos dias salgan yrremisiblemente de la ciudad o se acomoden a servicio en alguna casa honrada, pena por la primera vez que sufriran quatro dias de carzel a la segunda un mes y ocho ducados de multa y a la tercera se le podrá a la berguenza publica.

Que ninguna muger soltera pueda ser tavernera, ni los mercaderes de vino las puedan admitir para este ministerio, pena por la primera vez a la muger de ocho dias de carzel y al mercader que la aya rezibido ocho ducados de multa, con apercibimiento de maior providencia si reinzidiese uno u otro.

Que higuamente ninguna muger soltera tampoco podrá poner tienda de comestible, ni emplearse en el egerzicio de revendedora, de qualquiera clase que sea ni en otro semejante, por quanto la experiencia tiene demostrado los grandes perjuicios que ocasiona una tolerancia de esta naturaleza y a las contrabentoras se les ynpone la multa de dos ducados por la primera bez, y si no los tuviese quienze dias de carzel aumentando el castigo a proporcion de la reinzidencia, a excepción de que la Justicia pueda dispensar en la tolerancia por que sea unicamente por estar asistiendo a su madre o padre ympedido, que en tal caso se les podrá permitir con expresa lizencia por escrito de la Justicia en la que conste el motibo justo para que se le halla conferido.

Por quanto se tiene verificado que varias mugeres solteras se hallan retiradas en algunas casas y tan ocultas que aun se duda salgan a misa los dias festivos por fines nada cristianos, se prohíbe a los dueños de las expresadas casas el que tengan guespedes de esta naturaleza antes bien luego que perziban la menor sospecha dese quenta á la Justicia para que tome la correspondiente providencia, y si no lo hiziesen asi se les exsijan ocho ducados de multa y sufriran un mes de carzel.

<sup>46</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1779, fol 280.

<sup>47</sup> O alcalde «deliveró pasar oficio al Señor Rector de la Real Universidad, para que dispusiese que los cathedraticos de ella, diesen lista de los estudiantes que no concurrían a sus egercicios literarios, como con efecto lo practicaron, y para la solicitud de las personas que resultan no concurrir a dicha catedra, y constan de dichas listas que pone de manifiesto, su aprehension, y de los mas oziosos y comprehendidos en dicha Real Orden, es de dictamen, que los señores capitulares de este Ayuntamiento dividiendose entre si y por quarteles, cooperen a la egecución» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1779, fol. 280).

Que los maiordomos pedaneos de las respectivas parroquias de esta ciudad tengan la maior vigilancia á fin de que se observen los mandatos expresados en los quatro capitulos antecedentes y por cada muger soltera que justamente denunciase se le abonaran quatro reales vellon que devera pagar la que asi se denunciase, o el dueño de la casa, en donde avitase ademas de las penas que por otra parte son acreedores.

Por quanto las mugeres u otras personas que olvidadas del Santo Temor de Dios exercen el depravado ofizio de ocultadoras y alcaguetes siempre que alguna de estas personas fuese conbenzida de tan detestable oficio, se prozederá contra ellas por todo rigor de derecho tratandolas como un verdadero emisario de Satanas y ademas de ynponerle las penas establecidas en derecho segun la exegencia de sus prozedimientos será desterrada de esta ciudad y sus arrabales para siempre»<sup>48</sup>.

Estas Ordenanzas resultan tan expresiva e explicitamente lesivas para co xénero feminino que apenas requiren dun comentario, agás para platexarse as consecuencias que tiñan na vida das mulleres. Para empezar hai unha diferencia cualitativa entre este e os outros colectivos reprimidos, xa que mentres que a de forasteiros, vagos, estudantes, cómicos... era unha situación máis ou menos libre e accidental, de nacer muller ningunha muller se libraba. Dende o principio estaban destinadas a exercer de servintes dos homes, sexa dentro dos límites da legalidade (como esposa ou criada submisas), sexa fóra deles (como anoxosa pero demandada prostituta). Multa, cárcere, vergoña pública (algo polo de agora novedoso) e ata expulsión ou desterro eran as medidas con todas aquelas mulleres en principio meramente solteiras e, máis aló, que pretendesen recorrer a unha autonomía mercantil<sup>49</sup>. O camiño quedáballes aberto só nunha vía: casar. As solteiras independentes da familia non se podían gañar-la vida como non fose nun convento (onde, con todo, casarían con Cristo). E, non permitindo a pública moralidade que fixesen algo así como «ligar»<sup>50</sup>, terían que submeterse ó matrimonio amañado polo seu pai.

Á xa coñecida medida da multa para aqueles pousadeiros que desen asilo a mulleres solteiras (ou algo peor), engádese a recompensa para aqueles pedáneos que nas súas parroquias denunciase ás mulleres na situación antedita, ¡recompensa financiada pola propia multa ás vítimas! Non cabe dúbida de que é un

<sup>48</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 472 e 473.

<sup>49</sup> Nunha acta de consistorio de finais do período analísado dispónse a publicación dun bando que prohiba a toda moza solteira estar soa en casa nin tenda, é dicir, sen a compañía de pais ou parentes próximos «siguiendose de esto la perdición de muchos hijos de familia y el abrigo de otras maldades pérfidias» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xuño-Setembro de 1787, fol. 327).

<sup>50</sup> A este respecto dise do excesivo número de panadeiras que ocupan as prazas públicas e outras rúas que están «pasando las mas de ellas la maior parte del día en una pernicioso ociosidad, en frecuentes riñas unas con otras por reprobable emulación en las ventas, y en peligrosas conversaciones y charlatanerías con los soldados» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xuño-Dicembro de 1780, fol. 101). O mesmo vale para «recateras de frutas y otros generos y taverneras» (fol. 102).

eficaz xeito de matar dous paxaros dun tiro, afianzándose os bos costumes ó tempo que circula o capital.

Especialmente sanguenta para a economía galega é a medida que prohibiu ás seitureiras ir traballar a Castela, laboura que supuña unha imprescindible fonte de ingresos para moitas familias do rural. Non se alegan moitas máis razóns que a do imperativo real nunha carta dos señores da Justicia y Regimiento: «Enterado el Rey de los graves inconvenientes, que resultan, y frecuentemente se han experimentado, con motivo del perjudicial abuso de que vengan mugeres casadas, ó solteras, entre las cuadrillas de hombres, que desde esse Reyno, bajan a los de Castilla y demás provincias por el tiempo de Verano, con destino a la siega de los panes, y otros labores del campo». Renóvase deste xeito unha prohibición que fora abolida en 1762 e que afecta a calquera muller «aunque lo sea propia, madre, hermana, o hija de los hombres»<sup>51</sup>.

Saíndonos xa non só do eido compostelán senón tamén do galego, podemos expor sumariamente a decisión amparada nunha *Real Cedula de Su Magestad y Señores del Consejo* de 2-IX-1784<sup>52</sup>, de que se lle permita a María Castejón y Aguilar dirixir ela soa unha fábrica de liños na cidade de Córdoba. Para elo tiveron que deroga-lo capítulo doce das *Ordenanzas del Gremio de Lineros*, e antes da decisión «meditó dicha Junta General sobre los capítulos de las ordenanzas que sujetan á las viudas é hijas de fabricantes a la dirección de maestros examinadores»<sup>53</sup>. Desto podemos quítar un dato que contrarrestará posiblemente o precipitado xuízo sobor do progresismo da medida: que en todo caso só serán susceptibles de rexer unha empresa as viúvas ou fillas do fabricante, é dicir, a título de herdanza (quedando fóra desta categoría eventuais solteiras emprendedoras).

## VI. Xogos e espectáculos

«Que siempre que se presentare compañías de operistas, comicos y bolatines deberan prezisamente acudir ante la Justicia y Regimiento para que respecto de no haver Coliseo en esta ciudad, en los respectivos teatros que formen haia en todo seguridad, comodidad y limpieza e yualmente para que con acuerdo de dicha Justicia y Regimiento, y que de ningún modo puedan eximirse de esta disposición pretextando despachos ganados con relaciones subpuestas apoyados en hermandades fundadas para contribuir a mantener u hospitales u otras obras pias.

<sup>51</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1769, fol. 632.

<sup>52</sup> «... por la qual se declara en favor de todas las mugeres del Reino la facultad de trabajar en la manufactura de hilos, como en todas las demás artes en que quieran ocuparse y sean compatibles con el decoro y fuerzas de su sexo, con lo demás que se expresa» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1784, fol. 263).

<sup>53</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1784, fol. 264.

Que los dichos operistas y comicos deveran ser gentes recogidas y de vida no escandalosa pues al que se le notase desarreglo de costumbres se le desterrará de esta ciudad despues de haverse expurgado en la carzel su delito.

Quando se diese lizencia por la ciudad a los expresados operistas, o comicos para exerzer su oficio se les yntimara que prinzipalmente las mugeres que traigan en sus compañías en los yntermedios y bailes se porten con toda onestidad porque la desenbultura que han yntroduzido en estos pasos hes opuesta directamente a la Ley de Dios, y buenas costumbres, y por tanto a qualesquiera que se le notare este defecto sera yrremisiblemente castigada y desterrada pues se contempla como una verdadera peste de la Republica.

Que ninguna persona de qualesquiera qualidad fuero, o condicion que sea pueda jugar a ninguno de los juegos prohibidos, que entre otros son los llamados banca, zacanete, vrisvris, cacho, flor, dequinze, y los demas de envite, y a los contrabentores se les castigara con las penas y cominaciones que las Reales Pragmaticas tienen establecido, e higuamente se procederá contra los que aviten en las casas donde se jugase a los expresados juegos.

Que todas las personas, que con la lizencia correspondiente mantengan mesas publicas de juegos de trucos las haian de tener vien acondicionadas, con buenas bolas y tacos bien nivelados con todas las demas circunstancias y requisitos propios sin poder llevar mas que el prezio señalado á cada partido, y faltando a todo o parte de lo que ba expresado, se les castigara a proporcion del delito en que yncurriesen.

Que ninguna de las expresadas personas contenidas en el capitulo antezedente, podrá tener por ningun pretexto quartos separados donde se juegue á los naipes ni otros juegos pues como concurren a otras casas gentes conozidas, y desconozidas algunas vezes se propasan a jugar juegos de mucho ynteres y prohibidos resultando bendencias, alvorotos y otros desordenes mui perjudiciales, por tanto a los tales dueños de las mesas de trucos que en sus casas se verifique tener juegos de naipes u otros, se les ympone la pena de un mes de carzel y veinte ducados de multa por la primera vez, y si reincidiese se le desterrara de la ciudad con lo demas a que aya lugar, y la Justicia vigilara sobre el cumplimiento de esta ymportanzia<sup>54</sup>.

As funcións teatrais ou doutro tipo precisaban dun permiso e organización oficiais, o cal xa impuña unha censura previa, pero para aqueles artistas de vida un tanto «desordenada» había establecidas ademais fortes penas, tomando medidas especialmente drásticas (e nunha linguaxe máis esaxerada e despectiva) coas mulleres que viñan coa compañía. Con respecto ós xogos, aqueles un tanto conflictivos (presumiblemente por seren susceptibles de aposta) quedaban ilegalizados, agás unha especie de billar de gran aceptación que con todo debe cumprir unha serie de criterios estabelecidos.

A principal motivación de cara ás autoridades, cando os actores solicitan permiso para facer unha representación, non é outra que «agradar ó público». Así polo menos o expresaba, por exemplo, Manuel de Lucía, empresario que visitou a cidade varias veces no período. Primeiro pide permiso para quince ou vinte días, «y habiendo experimentado que el Pueblo se halla gustoso, y estan contentos con dicha diversión, y los exponentes desean dar gusto, pues su anelo

<sup>54</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fols. 473, 474 e 475.

no es otro, por tanto»<sup>55</sup>, solicitan unha prórroga, que lles é concedida. As obras desta compañía debían estar, así pois, ben vistas, o cal non foi motivo suficiente para que se lle permitise artellar un casino na «casa de comedias», xa que «el poco tiempo que media a carnes tolendas no era suficiente para formar las atentas medidas que una materia de tanta gravedad requiere para su exacto arreglo»<sup>56</sup>.

Máis difícil o tiña a ópera italiana. Son múltiples as razóns que se lle dan a Alonso Nicolini e Nicolás Ambrosini para denegarlles a licencia: que necesitan un permiso previo da Corte, que a representación non resulta do agrado do rei nin da xente, que se distrae ós estudantes e que, en definitiva, resulta unha perda de tempo cando o que cómpre é menos farra e máis traballar<sup>57</sup>.

Relativamente fóra do contido das presentes Ordenanzas cómpre cita-la prohibición que se cebou na celebración de todo tipo de «diversiones de máscaras»<sup>58</sup>, e concretamente do emprego de disfraces no Entroido<sup>59</sup>, eventos en todo caso a cabalo entre o xogo e o espectáculo<sup>60</sup>.

Para rematar non podemos deixar de mencionar unha mostra palpable do forte centralismo borbónico no período, cando menos a nivel cultural (na medida en que nos estamos a centrar eiquí e agora no tema dos espectáculos). Trátase dunha Real Cédula de 1772 para que durante ese Ano Santo non haxa en

<sup>55</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1776, fol. 214.

<sup>56</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1772, fol. 62.

<sup>57</sup> Os señores do concello «no ven del agrado del Pueblo esta diversión que en el año pasado de mil setecientos sesenta y ocho, habiendo Nicolas Zetano suegro de uno de los actuales impresarios, representado operas en esta capital, se amotinó el pueblo, con grande alboroto, y echó a pedradas de la población al expresado Nicolás Zetano y su compañía (...) y gualmente que siendo esta ciudad la unica que tiene Universidad en el Reino, es perjudicial la admisión de semejante diversión durante el tiempo del curso, por la distracción que proporciona a los estudiantes. Que es boz pública que el Rey Nuestro Señor que ha privado y prohibido la opera ytaliana en todos los sitios reales, y por lo mismo se deve persuadir la ciudad de que semejante diversion es de su Real desagrado, además de los gastos y menoscabos que resultan a todos los particulares y familias con esta diversión, pues no queriendo tenerse por menos unos que otros concurren yndistintamente por un espíritu de emulación y banidad los ricos, y los que no lo son al teatro, con perjuicio del servicio de Dios Nuestro Señor y de la Industria Popular tan recomendada por el Supremo Consejo de Castilla, que no es compatible con semejantes disipaciones y gastos, lo que no puede ignorar la sabiduría deste nobilísimo Ayuntamiento» (A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Xullo de 1777, fols. 129 e 130).

<sup>58</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Setembro-December de 1773, fol. 127.

<sup>59</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 1º Semestre de 1786, fol. 51.

<sup>60</sup> A título anecdótico podemos mencionar prohibicións ó uso de indumentaria non só excepcional e relativa a acontecementos festivos, senón tamén á vida cotián, como é a dos chapeus «gachos» ou «chambergos» a prol do chapeu de tres picos (en A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-December de 1770, fol. 101), ou a dos mantos e mantillas que non foran de seda ou lá (en A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1771, fol. 350), o cal transluce motivacións máis económicas que estéticas.

Compostela óperas, comedias nin lumes artificiais, permitíndose soamente unha corrida de tuoros<sup>61</sup>, algo presumiblemente nada concordante co tipo habitual de festexos en Galicia<sup>62</sup>. Máis propio do fasto monárquico, e de innegable influencia no imaxinario do vulgo son as festas de proclamación de Carlos IV celebradas en Compostela durante os días 21, 22, 23 e 24 de Febreiro de 1789. Como celebración de carácter político que é, ten en primeira instancia a finalidade de servir de demostración de forza: dunha forza amable<sup>63</sup> que permite a todos participar divertíndose e recibindo agasallos (lumes de artificio, procesión dun barco sobre rodas, exposición da impresionante máquina chamada «Templo de Jano» no Obradoiro... e ata lanzamento de moedas de ouro ó público nalgunhas prazas da cidade); dunha forza onnipotente que submete ás propias autoridades que eran quen, noutrora, de decidi-los espectáculos, xogos e festas que se podían levar a cabo (e que agora executan unha coidadosa parafernalia procesional ataviados coas súas galas de persoeiros administrativos e eclesiásticos); dunha forza expansiva que chegaba ata os confíns do mundo (como se simbolizaba nun desfile de xentes de distintas nacionalidades portando os seus traxes típicos); dunha forza, en definitiva, redentora que era quen de elevar ó máximo grao o saber e o facer dun pobo (como manifesta o ambicioso xuízo, empapado de espírito ilustrado, que se refire á laboura dos Gremios de Menestrales y Artesanos, os cales na súa aparición «demostraban asimismo los distintivos de las Artes, Ciencias y Facultades que ilustran a España bajo el poderoso asilo y protección de un Monarca que va a ser el Verdadero Padre de sus vasallos proporcionándoles hasta lograrla en el Estado más perfecto la ilustración más sabia y prudente que los eleve sobre el resto de los Habitadores del Mundo Culto y Civilizado»<sup>64</sup>).

## Conclusión

Como xa previñemos na Introducción, as Ordenanzas de Policía tocaban tamén eidos coma o do bo funcionamento do mercado e a correcta execución

<sup>61</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1773, fol. 318.

<sup>62</sup> Con todo non era estraño tampouco que a Santa Inquisición recorriese a este tipo de espectáculos.

<sup>63</sup> Esa forza que amosa o seu poder sobor das vidas dos vasallos faíno tanto máis eficazmente cando compatibiliza as súas dimensións temible e benévola. O voluntarismo da monarquía absoluta configúrase como calculadora arbitrariedade e amósase nunha compaixón que devén lexitimación da dureza. Unha mostra dese agarimo logo da malleira son os indultos a presos como congratulación polo «feliz parto da Princesa» (en A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Agosto-Dembro de 1771, fol. 163, e en A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Maio de 1780, fol. 280).

<sup>64</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, 2º Semestre de 1789, fol. 201.

das obras públicas. Máis neste traballo centrámonos nas medidas de mantemento da orde pública, que supoñen unha sorte de deseño dos límites dun contexto global en que se artella toda a vida dos cidadáns. Demarcan o espacio do seu «normal» desenvolvemento e especifican con maior ou menor concreción os castigos ás eventuais transgresións.

Vimos como se intentaba controlar ós escandalosos e reprimir ós subversivos, como non era estraña a reclamación de maior seguridade nas rúas e na prisión, como se intentaba manter a raía a esmolantes e delinquentes establecendo as pertinentes demarcacións, como os estudantes eran algunhas veces aplacados e as mulleres sempre submetidas, como, en fin, as diversións de todos estaban relativamente manipuladas, sendo ó tempo propiamente ultrapasadas polo fasto do poder central que era quen de impregnalo todo. Mais resulta de especial interés facer fincapé nese aspecto expansivo do control que non se exercía mecanicamente dende unhas institucións sobor duns colectivos e actividades, senón que se artellaba dun xeito reticular no que todos eran susceptibles de estar implicados:

«Que toda clase de personas, yndistintamente esten obligadas a dar auxilio á la Justicia y sus dependientes sin permitir que los ofendan y maltraten ciudadanos en quanto sea posible para que los reos de los delitos no queden sin castigo pues verificada que sea la contrabención serán castigados los culpables en las penas ympuestas en las Lejes de estos Reinos y además se les exsijirá la multa de ocho ducados de vellon»<sup>65</sup>.

Mantíñase, pois, en todo momento un sistema de complicidade resumible no *continuum* soborno-recompensa baixo o nome de colaboración coa xustiza. Deste xeito, e co fomento dos apropiados imaxinarios colectivos, avánzase en tódolos microespacios analizados na construción da orde social. Artellábanse así esas redes do caos que mantiñan vixiada e aprisionada toda eventual desorde. Non se trataba tanto da súa mecánica, pesada e brutal represión, como da orgánica, fluída e refinada disposición do seu ordenado acaecer.

## Bibliografía

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (e outros), *Historia de Galicia*, Pontedeume, Frente Cultural da ANPG, 1980.
- BERMEJO, X. L. (e outros), *Historia de Galiza*, Madrid, Alhambra, 1981.
- DOPICO, F., *A ilustración e a sociedade galega*, Vigo, Galaxia, 1978.
- OTERO PEDRAYO, R., *Síntesis histórica do século XVIII en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1969.

<sup>65</sup> A.H.U.S. Fondo Municipal, *Libros de Consistorios*, Xaneiro-Agosto de 1775, fol. 477.

- PÉREZ CONSTANTÍ, P., *Notas viejas galicianas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993.
- EIRAS ROEL, A. (e outros), *La historia social de Galicia en sus fuentes y protocolos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1981.
- SÁNCHEZ VAAMONDE, P. A., «Memoria sobre los abastos y policía de Santiago» (1806), en *La Economía Gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, Vigo, Galaxia, 1973.
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M<sup>a</sup> R., *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante. Estudios de historia de Galicia*, Sada, Edicións do Castro, 1993.
- VV. AA., *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1980.